

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**


Mercadorías

27/10/2025

16.00h

-GALEGO-

MODELO A



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

1. Como se denomina a arte ou pericia de colocar a carga nun vehículo para o seu transporte?

- a) Remisión.
- b) Estiba.
- c) Carga.
- d) Consolidación.

2. Cando se realiza un transporte de mercadorías en estado líquido nunha cisterna, o movemento da carga afecta:

- a) de forma importante ao gasto total de combustible.
- b) ao proceso de desgaste dos pneumáticos, sobre todo nas curvas.
- c) ao control do vehículo mediante o efecto "onda".
- d) á corrosión da parede interior da cisterna.

3. O acordo ATP non establece como categoría de vehículo de temperatura controlada o vehículo:

- a) isotermo.
- b) frigorífico.
- c) calorífico.
- d) cisterna.

4. O acordo internacional denominado ATP:

- a) refírese ao transporte de persoas con mobilidade reducida.
- b) refírese ao transporte de mercadorías perecedoiras.
- c) refírese ao transporte combinado estrada-ferrocarril.
- d) é un acordo aduaneiro para mercadorías en tránsito.

5. O transporte de mercadorías con temperatura regulada e destinadas ao consumo humano:

- a) non está regulado especificamente.
- b) ten unha normativa especial, pero só para alimentos conxelados.
- c) ten unha regulación especial.
- d) está regulado só se se trata de transporte combinado.

6. Todo corpo está exposto a diferentes forzas e pares de forzas. Que sucede cando a suma das forzas e os pares de forzas aplicadas a un camión é distinta de cero?

- a) Que o vehículo se move.
- b) Que o vehículo se atopa en repouso
- c) Que a traxectoria do vehículo non é recta.
- d) Que a traxectoria do vehículo é inestable.

7. A elección da relación correcta da caixa de cambios dun camión durante a marcha depende:

- a) do perfil da estrada.
- b) do tipo de pneumáticos.
- c) da experiencia do condutor.
- d) do rozamento mecánico.

8. Cando os pneumáticos dun camión non son capaces de evacuar toda a auga que se atopan e perden contacto co chan, fálase de:

- a) forza de deriva.
- b) forza transversal dinámica.
- c) aquaplaning.
- d) balanceo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

9. Como se denomina a resistencia ao movemento dun camión que provén do aire?

- a) Desprazamento de masas.
- b) Resistencia aerodinámica.
- c) Forza de molaridade.
- d) Forza atemporal.

10. Segundo o acordo ATP, que é un vehículo identificado coas letras RRA?

- a) Un vehículo refrixerante reforzado da clase A.
- b) Un vehículo refrixerado con reforma de clase A.
- c) Un vehículo refrixerante da clase RA.
- d) Un vehículo refrixerante rehabilitado.

11. As sociedades cooperativas poderán revestir a forma de:

- a) cooperativas de primeiro, segundo, terceiro e cuarto grao.
- b) cooperativas de primeiro, segundo e terceiro grao.
- c) cooperativas de primeiro e segundo grao.
- d) cooperativas de primeiro grao soamente.

12. Que nos permite o sistema GPS no transporte?

- a) Coñecer en cada momento o estado da mercadoría.
- b) Coñecer a porcentaxe de utilización dos vehículos.
- c) Coñecer en todo momento a posición dos vehículos.
- d) Coñecer o estado das estradas.

13. Dos documentos seguintes, cal non é propio do transporte de mercadorías?

- a) Título habilitante para o transporte.
- b) Autorización de transporte internacional para as viaxes ao estranxeiro non liberalizados.
- c) Certificado ATP, no seu caso.
- d) Autorización específica de servizo regular de uso especial.

14. Que tipo de empresa dificulta máis a formación dos traballadores, pois a súa presenza no posto de traballo é imprescindible?

- a) As grandes empresas.
- b) A empresa individual.
- c) As empresas dedicadas ao transporte internacional.
- d) As empresas de transporte interior.

15. En transporte internacional de mercadorías, que permite a autorización bilateral de tránsito?

- a) Transitar por un país e deixar mercadorías.
- b) Transitar por un país e recoller mercadorías.
- c) Só permite transitar por un país.
- d) Só permite deixar mercadorías nun país.

16. Cal será o número mínimo de socios para formar unha cooperativa de primeiro grao?

- a) Tres.
- b) Catro.
- c) Cinco.
- d) Seis.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

17. Onde se pode obter o certificado de condutor de terceiro país?

- a) No órgano administrativo de Transportes das Comunidades Autónomas.
- b) Nas Xefaturas Provinciais de Tráfico.
- c) No Concello do municipio onde resida o solicitante.
- d) Nos destacamentos da Garda Civil de Tráfico.

18. Que documento serve para formular declaracións en aduana cando non se utilicen técnicas de tratamento electrónico de datos?

- a) O documento único de intercambio (DUI).
- b) O documento de importación e exportación universal (UDEI).
- c) O documento internacional de movemento de mercadorías (MMID).
- d) O documento administrativo único (DUA).

19. Como se deben estibar os troncos e pezas de madeira que se van a transportar transversalmente?

- a) Deben estar repartidos en pilas atadas que non excedan dous metros de lonxitude.
- b) Deben estar repartidos en pilas atadas que non excedan os tres metros de lonxitude.
- c) Deben estar repartidos en pilas atadas que non excedan os catro metros de lonxitude.
- d) Deben estar repartidos en pilas atadas.

20. No transporte privado complementario de mercadorías, debe estar o condutor integrado na organización da empresa?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Só se é un vehículo lixeiro.
- d) Só se é un vehículo pesado.

21. Nunha sociedade anónima, o capital social non pode ser nunca inferior a:

- a) 30.000 euros.
- b) 60.000 euros.
- c) 100.000 euros.
- d) 120.000 euros.

22. No caso dun transporte suxeito ao Convenio CMR, que mencións debe conter a carta de porte electrónica?

- a) Nome e apelidos das partes intervenientes, domicilio, mercadoría transportada e prezo do transporte, soamente.
- b) As mesmas que a carta de porte expedida en papel.
- c) As mesmas que a carta de porte expedida en papel, salvo as que non resulten imprescindibles.
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

23. O Convenio CMR contempla diversas causas de exención de responsabilidade do transportista cando o dano da mercadoría puidese derivar delas. A quen corresponde a proba?

- a) Ao transportista.
- b) Ao remitente.
- c) Ao destinatario.
- d) Á Xunta Arbitral do Transporte.

24. Son actividades auxiliares e complementarias de transporte de mercadorías por estrada suxeitas a autorización administrativa:

- a) os centros de transporte e loxística de mercadorías
- b) o arrendamento sen condutor.
- c) os centros de información e distribución de cargas.
- d) os transitarios.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

25. A realización da actividade de operador loxístico:

- a) require autorización administrativa.
- b) non require ningún tipo de autorización administrativa.
- c) require autorización administrativa só se se desenvolve en relación co transporte internacional.
- d) require autorización administrativa só se se exerce para máis de cinco empresas.

26. Como se denomina o sistema que evita que as rodas se bloqueen durante as manobras de freado, co que se consegue un maior rendemento de freado, así como manter o control da dirección do vehículo?

- a) EDS.
- b) ASR.
- c) ABS.
- d) Limitador de velocidade.

27. Que é recomendable en zonas asolagadas por choiva?

- a) Pasar en quinta para que o vehículo non se deteña.
- b) Non accionar o embrague.
- c) Ao finalizar o cruce, é necesario comprobar o correcto funcionamento dos freos.
- d) Frear dentro da zona asolagada de forma brusca.

28. Cando a presión do pneumático é inferior á recomendada:

- a) o pneumático sofre deformacións, desgastándose máis no centro.
- b) o vehículo queda automaticamente bloqueado.
- c) o pneumático sofre deformacións, desgastándose máis nos bordos.
- d) o pneumático non sofre deformacións xa que só se producen se a presión é superior á recomendada.

29. O consumo de carburante:

- a) non se ve afectado polo aumento de turbulencias.
- b) aumenta con marchas curtas.
- c) diminúe a elevado número de revolucións.
- d) produce un par máximo moi alto.

30. O período de condución semanal non pode exceder de:

- a) 45 horas.
- b) 36 horas.
- c) 72 horas.
- d) 56 horas.

31. Para un par motor dado, de que depende o par que chega ás rodas?

- a) Da temperatura dos gases de escape.
- b) Da presión que exista no colector de escape.
- c) Da relación de transmisión entre o volante motor e as rodas.
- d) Da orde de encendido do motor.

32. Segundo a normativa comunitaria, cal será o período de descanso semanal normal?

- a) Como máximo, 45 horas.
- b) Como mínimo, 54 horas.
- c) Polo menos, 45 horas.
- d) Polo menos, 54 horas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

33. Cal dos seguintes é un dos riscos principais da actividade do transporte?

- a) Diabetes.
- b) Arritmias cardíacas.
- c) Accidentes de tráfico.
- d) Colesterol alto.

34. Que lesión, causada polo mantemento incorrecto dos sistemas de amortiguación, é a máis frecuente na actividade de transporte?

- a) Danos na columna vertebral.
- b) Morte.
- c) Fracturas de ósos e inflamacións musculares.
- d) Escordaduras.

35. Na actividade de transporte, que mala práctica está asociada máis directamente a queimaduras e asfixia?

- a) Mala colocación da carga.
- b) Desniveis e pendentes no chan.
- c) Quecemento do motor.
- d) Escasa visibilidade no posto de condución.

36. A aplicación dos coñecementos ergonómicos ao ámbito do traballo é fundamental para:

- a) a eliminación de riscos físicos.
- b) mellorar as ganancias económicas.
- c) utilizar as ferramentas con mestría.
- d) incrementar os beneficios económicos da empresa.

37. Como debe ser o medio no que se realiza a actividade laboral?

- a) Cunha iluminación insuficiente.
- b) Cunha temperatura inadecuada.
- c) Con ausencia de ruídos.
- d) Con vibracións.

38. A seguridade pasiva, de que outra forma se denomina?

- a) Seguridade dinámica.
- b) Seguridade secundaria.
- c) Seguridade primaria.
- d) Seguridade estática.

39. Como se denomina ao transporte internacional que se caracteriza por realizar un traxecto breve en territorio estranxeiro, con percorrido sempre próximo á fronteira?

- a) De longo percorrido.
- b) De curto percorrido.
- c) De zona curta.
- d) De cabotaxe.

40. Circular cun automóbil facendo uso da súa máxima potencia, é unha boa medida para aforrar combustible?

- a) Si, porque o enchido do cilindro é maior.
- b) Si, porque se aproveita mellor o carburante queimado.
- c) Si, porque se circularía a un réxime medio de revolucións.
- d) Non, porque se circularía a un réxime alto de revolucións, aumentando o consumo de carburante.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

41. Que función ten un rompeolas nunha cisterna?

- a) Ningunha, non existe ese concepto en relación coas cisternas.
- b) Regular a velocidade de enchido para reducir as cargas de electricidade estática.
- c) Reducir a influencia que, sobre a estabilidade do vehículo, teña o movemento da carga durante o transporte.
- d) Separar as diversas mercadorías que se transporten nunha mesma cisterna.

42. Sinale a afirmación incorrecta:

- a) A declaración amigable de accidente consegue maiores indemnizacións.
- b) A declaración amigable de accidente determina a responsabilidade do sinistro.
- c) A declaración amigable de accidente é vinculante para as entidades aseguradoras en canto á indemnización dos danos materiais.
- d) A declaración amigable de accidente axiliza o pago de indemnizacións derivadas dun sinistro.

43. Que accións se corresponden cunha conducción preventiva?

- a) Pensar de forma confiada en canto ao comportamento dos restantes condutores.
- b) Circular pegado ao vehículo de diante.
- c) Estar preparado para reaccionar en menos tempo.
- d) Levar as luces de emerxencia activadas.

44. O condutor dun vehículo que sexa obxecto dunha inspección de transporte na estrada, debe facilitar calquera documento relativo ás condicións de prestación dese transporte que sexa necesario para verificar o cumprimento da lexislación?

- a) Non nos transportes nacionais, posto que os órganos de inspección poden verificar os documentos na sede da empresa, non obstaculizando o transporte.
- b) O condutor só ten obrigación de facilitar os datos á súa empresa, que é a que, á súa vez, ten que facilitalos á Inspección.
- c) Si, como representante da empresa.
- d) Non, se o fíxese cometería falta grave por desvelar segredos da súa empresa.

45. Cal dos seguintes estilos de conducción é inadecuado para o aforro de carburante?

- a) Actuar sabendo que o vehículo consome menos nas marchas longas.
- b) Actuar sabendo que o vehículo consome menos a baixas revolucións.
- c) Utilizar o freo do motor en lugar dos freos convencionais.
- d) Utilizar os freos convencionais en lugar do freo motor.

46. Dos elementos técnicos que se citan, cal contribúe na seguridade activa dos vehículos?

- a) O sistema antibloqueo de freos (ABS).
- b) O control de tracción e desestabilidade (ASP e ECS).
- c) O control electrónico de aceleración (EPS).
- d) Os repousacabezas.

47. Que se entende por manipulación de cargas?

- a) Calquera operación de transporte ou suxeición das mesmas.
- b) Abrir o contido dunha carga.
- c) Encher un depósito de gasolina.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

48. Segundo a normativa laboral española, cando un condutor acompaña a un vehículo nun transbordador, o tempo empregado está considerado como:

- a) tempo de presenza cando se comunicou a súa duración de antemán.
- b) tempo de pausa.
- c) tempo doutros traballos.
- d) tempo de descanso.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

49. De que depende o modo de funcionamento do tacógrafo dixital?

- a) Da clase de tarxetas que se atopen aloxadas nas súas ranuras.
- b) Do tipo de empresa á que pertence o vehículo.
- c) Do que se seleccione a través do menú.
- d) Do modo que se instale en fábrica.

50. Calquera advertencia que realiza un tacógrafo dixital aparecerá:

- a) reflectida en pantalla.
- b) nos discos-diagrama.
- c) impresa en papel automaticamente.
- d) vía GPS no órgano de inspección de transportes de cada cidade.

51. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, atópanse cubertos por este seguro os danos sufridos polos bens dos parentes en terceiro grao do condutor do vehículo causante do accidente?

- a) Si, en todos os casos.
- b) Si, sempre que non se atopen no vehículo no momento do accidente.
- c) Si, salvo que se trate de irmáns, pais ou fillos, nese caso non estarán cubertos.
- d) Non, en ningún caso.

52. Sobre que elemento ou peza do vehículo actúa o freo eléctrico?

- a) Sobre a panca do cambio.
- b) Sobre o grupo cónico.
- c) Sobre o diferencial.
- d) Sobre a árbore de transmisión.

53. Entre outras, que característica vai definir no contarrevolucions dun automóbil a zona económica do motor?

- a) O par motor máximo.
- b) O calibre do pistón.
- c) A lonxitude do cigüeñal.
- d) O diámetro do volante de inercia.

54. Que característica non inflúe á hora de determinar no contarrevolucions dun automóbil a zona de menor consumo?

- a) A potencia.
- b) O tipo de culata.
- c) O consumo específico.
- d) O par motor máximo.

55. O fenómeno "fading" é máis fácil que se produza en:

- a) pendentes ascendentes.
- b) pendentes descendentes.
- c) chaira.
- d) autoestradas.

56. Que actuación é inadecuada como medida de aforro de carburante?

- a) Circular a un réxime medio de revolucions procurando que a variación de revolucions sexa o menor posible.
- b) No inverno, circular cunha presión de inflado dos pneumáticos superior á recomendada polo fabricante.
- c) Baixar as pendentes utilizando o motor como freo.
- d) Baixar as pendentes sen acelerar.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

57. Utilizar un aceite de alta calidade para lubricar un motor de combustión, ten influencia no consumo de carburante?

- a) Si, aumentando o consumo ao ser un aceite de alta densidade.
- b) Si, aumentando o consumo ao ser un aceite de alta viscosidade.
- c) Si, diminuindo o consumo xa que se reduce o rozamento das pezas diminuindo as perdas de potencia.
- d) Non, só inflúe no desgaste das pezas.

58. Cal é a función principal do ralentizador hidrodinámico?

- a) Aumentar o coeficiente de rozamento das zapatas de freo.
- b) Evitar o fenómeno "fading".
- c) Refrixerar os elementos frenantes.
- d) Aumentar a temperatura de funcionamento dos freos.

59. A carga que transporte un vehículo, é un dato para ter en conta para seleccionar a relación de marchas máis adecuada?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Só se se trata dun vehículo pesado.
- d) Só se se trata dun vehículo lixeiro.

60. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, a que dará lugar o incumprimento da obrigaón de asegurarse?

- a) Ao depósito do vehículo a cargo do propietario.
- b) Á requisa do vehículo.
- c) Á prohibición de circular o vehículo afectado durante tres anos, aínda que se asegure posteriormente.
- d) Ao pago dos gastos que orixine o depósito do vehículo, aínda que serán por conta da Administración se se asegura nun prazo inferior a un mes.

61. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, a cobertura do seguro de subscripción obrigatoria non alcanzará aos danos materiais ocasionados:

- a) ao vehículo causante do accidente.
- b) aos bens dos que sexa titular o propietario do vehículo causante do accidente.
- c) aos bens dos que sexa titular o condutor do vehículo causante do accidente.
- d) Todas as respostas son correctas.

62. Que clase de vehículos dedicados ao transporte terrestre participa en menos accidentes de tráfico?

- a) Vehículo articulado.
- b) Camión de máis de 3.500 kg.
- c) Autobuses de transporte escolar.
- d) Autobuses de liña regular.

63. A quen impón obrigaóns a normativa de prevención de riscos laborais?

- a) Soamente ao empresario.
- b) Soamente ao condutor.
- c) Ás autoridades laborables.
- d) Ao empresario e ao condutor.

64. Conducir de forma que se optimice o consumo de carburante, reduce a factura enerxética do país?

- a) Si, xa que o consumo de carburante é menor.
- b) Non, o que se consegue é contaminar menos.
- c) Non, aínda que se gaña na seguridade da circulación.
- d) Si, aínda que para iso é necesario ter unha gran experiencia na condución.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

65. Para reducir o consumo de carburante dun motor, que é inadecuado realizar?

- a) Deixar de acelerar con suficiente antelación deixando rodar o vehículo.
- b) Reducir o número de revolucións do motor utilizando para iso unha relación de marchas adecuada.
- c) Utilizar unha relación de marchas curta para aumentar a potencia.
- d) Evitar aceleracións e freadas bruscos.

66. Necesitan certificado de aptitude profesional os condutores de vehículos dos Corpos de Seguridade do Estado?

- a) Si.
- b) Si, pero só para conducir autobuses fóra dun radio de 100 km.
- c) Non.
- d) Si, pero só para vehículos de mercadorías.

67. Que acción hai que realizar unha vez pasada unha zona asolagada pola auga?

- a) Comprobar o debuxo do pneumático.
- b) Comprobar o sistema de ventilación.
- c) Comprobar o funcionamento dos limpiaparabrisas.
- d) Comprobar o sistema de freos.

68. Por que é importante aumentar a distancia de seguridade en caso de néboa?

- a) Pola posibilidade de patinar.
- b) Por non verse o espazo de diante do vehículo.
- c) Por ter máis tempo para frear.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

69. Os enganos aos clientes dun servizo de transporte afectan fundamentalmente a:

- a) a seguridade do servizo.
- b) a credibilidade do servizo.
- c) a comunicación entre empresa e clientes.
- d) Todas as respostas son correctas.

70. A conducción preventiva implica:

- a) axustar a carga ás condicións do vehículo.
- b) pensar de forma desconfiada e estar preparado para reaccionar.
- c) non pensar e actuar cando chegue o momento.
- d) tomar decisións consensuadas con outros condutores.

71. As medidas preventivas que deben tomarse á hora de conducir con neve son:

- a) manter en perfectas condicións cristais, luces e limpiaparabrisas.
- b) manter a mesma adherencia en todos os pneumáticos.
- c) evitar aceleracións bruscas.
- d) Todas as respostas son correctas.

72. Unha boa forma de aforrar carburante ao conducir un vehículo pesado é:

- a) circular cunha presión de inflado dos pneumáticos inferior á recomendada polo fabricante.
- b) esperar co motor arrincado sen circular ata que alcance a temperatura adecuada de funcionamento.
- c) seguir o mantemento que indique o fabricante do vehículo.
- d) acelerar en baleiro cando se arrinca o motor para que este alcance a temperatura adecuada no menor tempo posible.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

73. Ao aproximarse a un semáforo en vermello, poñer a panca do cambio en punto morto e deixar rodar o vehículo unha longa distancia ata que se detén, é unha boa medida de aforro?

- a) Si, xa que en punto morto o consumo é mínimo.
- b) Si, xa que, nos motores actuais de inxección electrónica, en punto morto o consumo é nulo.
- c) Esta actuación non inflúe no consumo.
- d) Non.

74. Se se conduce un vehículo pesado e co motor funcionando á temperatura adecuada, débese saber que o consumo de carburante depende, entre outros factores:

- a) das revolucións por minuto do motor.
- b) da posición de condutor.
- c) da octanaxe do gasóleo.
- d) da variación da relación de compresión, segundo a relación de marchas seleccionada.

75. Entre outros factores, de que depende o consumo de carburante?

- a) Da situación das rodas motrices.
- b) Do tipo de líquido do sistema de refrixeración.
- c) Da presión no sistema do vehículo.
- d) Da posición do pedal do acelerador.

76. Para reducir o número de revolucións por minuto do motor de combustión dun vehículo e, con iso, reducir o consumo de carburante, o condutor pode:

- a) evitar, no posible, a utilización de relacións de marchas curtas.
- b) utilizar carburante cun alto poder calórico.
- c) utilizar carburante cun baixo poder calórico.
- d) reducir de marchas frecuentemente.

77. Que é a potencia dun motor?

- a) A cantidade de traballo que pode desenvolver un motor nun determinado tempo.
- b) A velocidade máxima de traballo dun motor nun determinado tempo.
- c) A cantidade de aceleración que pode desenvolver un par motor.
- d) A cantidade de enerxía que se transmite ás rodas.

78. Que outros nomes reciben os discos-diagrama?

- a) Follas de roteiro.
- b) Cadros de servizo.
- c) Follas de control.
- d) Follas de rexistro.

79. Que regula a Orde do 27 de xullo de 1999, sobre condicións que deben reunir determinados extintores de incendios?

- a) Os tipos de extintor que deben levar os vehículos de transporte de persoas.
- b) Os tipos de extintor que deben levar os vehículos de transporte de mercadorías.
- c) Os tipos de extintor que debe haber nun garaxe.
- d) As respostas A e B son correctas.

80. Cal dos seguintes é o tipo máis frecuente de accidente de tráfico no que ven implicados camións ou autobuses?

- a) Os atropelos.
- b) A colisión entre vehículos.
- c) As perdas de carga ou equipaxes.
- d) Ningún dos anteriores.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

81. Que condicións debe reunir a cabina de condución dun vehículo?

- a) Contar cun bo sistema de climatización.
- b) Permitir unha visibilidade ampla da estrada.
- c) Reducir ao máximo posible os ruídos procedentes do propio vehículo e do tráfico en xeral.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

82. A evacuación polas xanelas de socorro pode ser necesaria en caso de:

- a) bloqueo das portas.
- b) incendio do vehículo.
- c) envorco.
- d) Todas as respostas son correctas.

83. Dos seguintes dispositivos, cal está considerado como elementos de seguridade pasiva?

- a) As rodas.
- b) O sistema de suspensión.
- c) O airbag.
- d) O sistema de freado.

84. Que entende o ADR por materias radioactivas en forma especial?

- a) Materias que só están contaminadas superficialmente.
- b) Materias sólidas non susceptibles de dispersión ou unha cápsula selada que conteña materias radioactivas.
- c) Materias que pola súa natureza teñen unha actividade específica limitada.
- d) Materias radioactivas de baixa dispersión.

85. Segundo o acordo ATP, un vehículo identificado coas letras FRF é:

- a) un vehículo frigorífico refrixerante.
- b) un vehículo refrixerante reforzado da clase F.
- c) un vehículo frigorífico reforzado da clase F.
- d) un vehículo frigorífico normal da clase F.

86. En relación cos sistemas APPCC que se entende por perigo biolóxico?

- a) O provocado por un elemento químico.
- b) O xerado por calquera tipo de axente vivo.
- c) O que supoñen os obxectos estraños presentes no produto.
- d) O provocado exclusivamente por parasitos ou bacterias.

87. O freo eléctrico:

- a) actúa mantendo as revolucións da transmisión nun réxime determinado.
- b) utiliza un aceite especial para realizar a función de freado.
- c) actúa sobre as pastillas de freo.
- d) actúa sobre as zapatas de freo.

88. Cal é o prazo que ten un condutor para solicitar a renovación da súa tarxeta de tacógrafo?

- a) Como máximo, ata 15 días hábiles antes da data de caducidade.
- b) Non hai ningún prazo.
- c) Como máximo, 9 meses antes da data de caducidade.
- d) Durante o último ano antes de caducar.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

89. Que tipo de ralentizador atópase situado no sistema de transmisión?

- a) O ralentizador hidrodinámico do tipo retarder.
- b) O freo de servizo.
- c) O freo no escape.
- d) O freo motor-Veb.

90. No caso de infraccións cometidas en relación ao transporte de animais non aptos?

- a) o transportista é responsable subsidiario.
- b) pode instruírse tamén expediente sancionador ao titular da explotación onde se cargaron.
- c) o titular da explotación onde se cargaron os animais é o único responsable.
- d) o transportista só é responsable no caso de transportelos longos.

91. Que mostra a curva de par a carga parcial?

- a) O par máximo do motor en diferentes rangos de potencia entre o 25% e o 75%.
- b) O par máximo proporcionado polo motor a cada réxime de xiro en diferentes posicións do acelerador 25%, 50% ou 75%.
- c) O consumo medio a par máximo con diferentes masas transportadas.
- d) O par máximo de roda cando se transporten cargas diferentes con masas inferiores á MMA.

92. A que vehículos aplícase a norma EN 12195?

- a) Aos vehículos articulados exclusivamente.
- b) Aos vehículos de MMA superior a 3,5 tn.
- c) Aos camións con caixa aberta exclusivamente.
- d) A todos os vehículos comerciais que transportan mercadorías.

93. En zonas urbanas ou con conxestión do tráfico, é conveniente:

- a) prever a realización de aceleracións e freadas.
- b) non aproveitar as inercias do vehículo.
- c) utilizar o freo de servizo máis que o vehículo precedente.
- d) aproveitar a rodaxe ao ralentí.

94. Durante a conducción, que información recibe o condutor proveniente da estrada?

- a) Trazado.
- b) Condicións do firme.
- c) Sinalización.
- d) Todas as respostas son correctas.

95. Un motivo de posibles problemas de saúde que está asociado á actividade de transporte é:

- a) a necesidade de permanecer moito tempo sentado e inmovilizado.
- b) a alteración dos horarios de comida.
- c) a alteración do ritmo do sono.
- d) Todas as respostas son correctas.

96. É unha norma de uso dos extintores:

- a) Colocarse de costas ao vento.
- b) Comprobar o seu funcionamento cunha breve descarga.
- c) Apuntar á base das chamas.
- d) Todas as respostas son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 27-10-2025 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

97. O procedemento seguido polas Xuntas Arbitrais do Transporte para a resolución das reclamacións que se presenten inclúe a realización dunha vista oral?

- a) Non, todas as actuacións son sempre escritas.
- b) Xeralmente si.
- c) Só cando o pida o reclamante.
- d) Só cando o pida o reclamante e non se opoña á súa realización a persoa contra a que se reclama.

98. Para os efectos de regulamentar a participación dos condutores de vehículos de transporte de mercadorías nas operacións de carga e descarga, considérase transporte de carga fraccionada:

- a) aquel en o que a mercadoría viaxa en compartimentos diferenciados dentro do vehículo.
- b) aquel cuxa carga consiste en mercadoría divisible.
- c) aquel en o que resultan necesarias operacións previas de manipulación, grupaxe, clasificación ou outras similares.
- d) Todas as respostas son correctas.

99. Un método básico de amarre, segundo a norma EN 12195 é o?

- a) amarre por bloqueo.
- b) amarre por rozamento.
- c) amarre diagonal.
- d) amarre lateral.

100. Que é aconsellable en caso de ter que conducir con xeo?

- a) Non tocar o freo nas curvas.
- b) Acelerar para evitar que o vehículo derrapaxe.
- c) Arrincar cunha relación de marchas o máis baixa posible.
- d) Frear con firmeza para poder deter o vehículo rapidamente.

Preguntas de reserva (Só se corruxarán se o tribunal anula algunha das anteriores)

101. En que réxime aduaneiro inclúense as mercadorías da Unión que van saír do territorio aduaneiro da Unión Europea?

- a) No réxime de importación.
- b) No réxime de exportación.
- c) No réxime de expedición extracomunitaria.
- d) No réxime de despacho a libre práctica.

102. Que caracteriza a un vehículo batería, segundo o ADR?

- a) Ter botellas unidas entre si e montadas de modo permanente no vehículo.
- b) Ter botellas unidas entre si e montadas sobre un cadro que se pode desmontar con facilidade do vehículo.
- c) Transportar máis de dúas cisternas fixadas sobre o seu chasis.
- d) Transportar máis de dúas cisternas desmontables.

103. O ADR establece, para as mercadorías perigosas da clase 1, seis divisións. Que indica a división 1.2?

- a) Perigo de proxección sen risco de explosión en masa.
- b) Perigo de incendio con lixeiro risco de chama.
- c) Perigo de explosión en masa.
- d) Obxectos extremadamente pouco sensibles que non supoñen explosión en masa.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 27-10-2025 16:00 h
Lugar: RUA DE MADRID, 2

Examen: Mercancías Modelo A
Duración: 120 MINUTOS

97. ¿El procedimiento seguido por las Juntas Arbitrales del Transporte para la resolución de las reclamaciones que se presentan incluye la realización de una vista oral?

a) No, todas las actuaciones son siempre escritas.

b) Generalmente sí.

c) Sólo cuando lo pida el reclamante.

d) Sólo cuando lo pida el reclamante y no se oponga a su realización la persona contra la que se reclama.

98. A los efectos de reglamentar la participación de los conductores de vehículos de transporte de mercancías en las operaciones de carga y descarga, se considera transporte de carga fraccionada:

a) aquel en el que la mercancía viaja en compartimentos diferenciados dentro del vehículo.

b) aquel cuya carga consiste en mercancía divisible.

c) aquel en el que resultan necesarias operaciones previas de manipulación, grupalaje, clasificación u otras similares.

d) Todas las respuestas son correctas.

99. Un método básico de amarre, según la norma EN 12195 es el...

a) amarre por bloqueo.

b) amarre por rozamiento.

c) amarre diagonal.

d) amarre lateral.

100. ¿Qué es aconsejable en caso de tener que conducir con hielo?

a) No tocar el freno en las curvas.

b) Acelerar para evitar que el vehículo derrape.

c) Arrancar con una relación de marchas lo más baja posible.

d) Frenar con firmeza para poder detener el vehículo rápidamente.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. ¿En qué régimen aduanero se incluyen las mercancías de la Unión que van a salir del territorio aduanero de la Unión Europea?

a) En el régimen de importación.

b) En el régimen de exportación.

c) En el régimen de expedición extracomunitaria.

d) En el régimen de despacho a libre práctica.

102. ¿Qué caracteriza a un vehículo batería, según el ADR?

a) Tener botellas unidas entre sí y montadas de modo permanente en el vehículo.

b) Tener botellas unidas entre sí y montadas sobre un cuadro que se puede desmontar con facilidad del vehículo.

c) Transportar más de dos cisternas fijadas sobre su chasis.

d) Transportar más de dos cisternas desmontables.

103. El ADR establece, para las mercancías peligrosas de la clase 1, seis divisiones. ¿Qué indica la división 1.2?

a) Peligro de proyección sin riesgo de explosión en masa.

b) Peligro de incendio con ligero riesgo de llama.

c) Peligro de explosión en masa.

